

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

14783 *Real decreto 1149/2011, do 29 de xullo, polo que se establece e regula o rexistro español de axudas «de minimis» no sector pesqueiro.*

O Regulamento (CE) n.º 875/2007 da Comisión, do 24 de xullo de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado da CE ás axudas «de minimis» no sector pesqueiro e que modifica o Regulamento (CE) n.º 1860/2004, establece no seu artigo 4 o réxime de control a que estas axudas deben estar sometidas polos Estados membros.

Entre estas obrigas atópase a de rexistrar e compilar a información relativa á aplicación do regulamento comunitario, especialmente no referente ao cumprimento do límite do importe total de axuda «de minimis» recibida por calquera empresa e polo sector da pesca.

O citado artigo 4 habilita os Estados membros a establecer un rexistro central das axudas «de minimis» que permita suplir determinadas obrigas incluídas no dito artigo.

Por outra banda, o artigo 3.4 do Regulamento 875/2007 da Comisión, do 24 de xullo de 2007, establece un límite máximo ao importe acumulativo de axudas concedidas por un Estado membro durante calquera período de tres exercicios fiscais.

En consecuencia, faise necesario incorporar á lexislación española os requirimentos exixidos nas normas comunitarias e é o principal obxecto deste real decreto establecer e regular o Rexistro español de axudas «de minimis» no sector pesqueiro (REAMPesca). Este rexistro centralizado será xestionado a través do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, sen menoscabo das competencias do resto das administracións públicas canto á recompilación e custodia da información exixida para o control das axudas «de minimis».

De acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional, a creación dun rexistro único para todo o Estado comporta o exercicio de competencias normativas e de mantemento de rexistro para garantir a centralización de todos os datos, para os estritos efectos de información e publicidade e, para este fin, de fixar as directrices técnicas e de coordinación necesarias para garantir esa centralización.

Na elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas, a Federación Española de Provincias e Municipios e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa do daquela vicepresidente terceiro do Goberno e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xullo de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten como obxecto establecer e regular o Rexistro español de axudas «de minimis», de acordo co previsto no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 875/2007 da Comisión, do 24 de xullo de 2007, relativo á aplicación dos artigos 57 e 58 do Tratado CE ás axudas «de minimis» no sector pesqueiro e que modifica o Regulamento (CE) n.º 9860/2004.

2. Aplicarase ás axudas «de minimis» concedidas por calquera organismo do sector público español en virtude do citado regulamento comunitario, así como das súas modificacións ou de calquera outro regulamento que poida substituír o anterior.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

- a) Empresas do sector pesqueiro: as empresas que se dediquen á produción, transformación e comercialización de produtos da pesca e da acuicultura.
- b) Produtos da pesca e da acuicultura: os produtos definidos no artigo 1 do Regulamento (CE) n.º 104/2000 do Consello, do 17 de decembro de 1999, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.
- c) Transformación e comercialización: o conxunto de operacións de manipulación, tratamento, produción e distribución desde o momento do desembarque ou colleita ata a fase de produto final.
- d) Autoridade competente para os efectos deste real decreto: o órgano concedente da axuda.

Artigo 3. *Obrigas da autoridade competente.*

1. As autoridades competentes rexistrarán e compilarán a información relativa á aplicación do Regulamento 875/2007 da Comisión, do 24 de xullo de 2007. Tales rexistros deberán incluír toda a información a que fai referencia o anexo deste real decreto, así como aquela que a Comisión da Unión Europea considere necesaria para demostrar que se cumpriron as condicións establecidas no citado regulamento comunitario. Os rexistros individuais relativos ás axudas «de minimis» deberán manter durante un período de dez exercicios fiscais a partir da data de concesión da axuda. Os rexistros relativos aos réximes de axuda «de minimis» deberán manter durante un período de dez anos a partir da data de concesión no marco do réxime da última axuda individual.

2. Antes de conceder a axuda, a autoridade competente deberá contar cunha declaración da empresa beneficiaria, escrita ou en soporte electrónico, en que se faga constar calquera outra axuda «de minimis» recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso. Esta obriga quedará sen efecto ao finalizar o terceiro exercicio fiscal desde a entrada en vigor deste real decreto.

3. Para os efectos do seguimento do control do límite máximo do importe acumulativo establecido no artigo 3.4 do Regulamento 875/2007 da Comisión, do 24 de xullo de 2007, as autoridades competentes facilitaranlle á Secretaría Xeral do Mar un resumo anual dos réximes de axudas «de minimis» ou das axudas individuais concedidas ao abeiro do citado regulamento en que conste a seguinte información:

- a) Nome do réxime de axudas ou da axuda individual.
- b) Subsector pesqueiro a que vai destinado (pesca extractiva, acuicultura, comercialización, transformación, outro –especificuese–).
- c) Breve descrición do réxime de axudas ou a axuda individual.
- d) Tipo de axuda: subvención en efectivo, bonificación de xuro, garantía etc.
- e) Número de axudas concedidas.
- f) Importe das axudas concedidas expresado como subvención en efectivo en termos brutos, é dicir, antes de calquera dedución de fiscalidade ou doutra carga.

A citada información deberase remitir como moi tarde o 31 de xaneiro do ano seguinte ao cal faga referencia.

Artigo 4. *Rexistro español de axudas «de minimis» no sector pesqueiro (REAMPesca).*

1. Créase o Rexistro español de axudas «de minimis» no sector pesqueiro (REAMPesca), adscrito á Secretaría Xeral do Mar do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, que incluírá os datos referidos no anexo deste real decreto.

2. O REAMPesca terá carácter público e informativo e constituirase nunha base de datos informatizada cuxa aplicación estará dispoñible a través da páxina web do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño (www.marm.es).

3. As autoridades competentes das comunidades autónomas, así como de calquera organismo do sector público que puiden conceder axudas «de minimis» en virtude do Regulamento 875/2007 da Comisión, do 24 de xullo de 2007, comunicaranlle á Secretaría Xeral do Mar os datos referidos no citado anexo, mediante o rexistro da información a través da aplicación dispoñible na citada páxina web. As autoridades competentes deberán rexistrar esta información para cada solicitude de axuda concedida, así como cando se produza calquera modificación relativa á dita axuda.

4. A información deberá ser rexistrada no prazo máximo dun mes tras a resolución de concesión da axuda. Igualmente, os cambios por modificación da axuda deberanse rexistrar no prazo máximo dun mes desde a resolución de modificación das condicións da axuda.

Artigo 5. *Obrigas dos solicitantes de axudas.*

As empresas que soliciten axudas «de minimis» ao abeiro do Regulamento 875/2007 da Comisión, do 24 de xullo de 2007, estarán obrigadas a facilitar a información a que fai referencia o artigo 3.3. No caso de non facilitar esta información, non poderán optar á concesión da axuda.

Artigo 6. *Confidencialidade dos datos.*

Garantirase a confidencialidade dos datos, os cales só poderán ser utilizados para a finalidade concreta para a cal foron subministrados.

Disposición adicional única. *Recursos humanos e materiais.*

O funcionamento do Rexistro español de axudas «de minimis» no sector pesqueiro será atendido cos medios persoais e materiais existentes no Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño a través da Secretaría Xeral do Mar e das distintas administracións públicas no ámbito das súas respectivas funcións.

Disposición transitoria única. *Axudas concedidas antes da entrada en vigor deste real decreto.*

1. As axudas «de minimis» concedidas no ano fiscal en que entre en vigor este real decreto, e nos dous anos inmediatamente anteriores, deberán ser dadas de alta no REAMPesca pola autoridade competente nun prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

2. Para os efectos de garantir o límite do importe acumulativo establecido no artigo 3.4 do Regulamento 875/2007 da Comisión, do 24 de xullo de 2007, as administracións públicas e demais organismos do sector público español remitiranlle á Secretaría Xeral do Mar, nun prazo máximo de catro meses desde a entrada en vigor deste real decreto, a información resumida de todos os réximes de axudas «de minimis» ou axudas individuais outorgados ás empresas do sector pesqueiro desde o 1 de xaneiro de 2005 ata a entrada en vigor deste real decreto. A información que se facilitará será a recollida no artigo 3.4.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

1. Facúltase a ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para adoptar as disposicións e medidas necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do disposto neste real decreto e, en particular, para aprobar os protocolos de carácter técnico que aseguren a coordinación e o funcionamento da base de datos informatizada que servirá de soporte ao REAMPesca no conxunto do Estado.

2. Así mesmo, facúltase a ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar o anexo co fin de mellorar o seu funcionamento ou adaptalo á normativa comunitaria.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto constitúe lexislación básica de ordenación da actividade comercial e dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño disporá de seis meses desde a publicación deste real decreto para desenvolver o REAMPesca garantindo a súa plena operatividade ante as administracións públicas do Estado.

Dado en Madrid o 29 de xullo de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño
ROSA AGUILAR RIVERO

ANEXO

Información do Rexistro español de axudas «de minimis» no sector pesqueiro

Esta información débese cubrir para cada axuda individual resolta no marco dun réxime de axudas ou axudas individuais concedidas en virtude do Regulamento (CE) n.º 875/2007 da Comisión, do 24 de xullo de 2007.

1. Administración e autoridade concedente da axuda.

1.1 Administración.

Administración xeral do Estado.

Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Outro:

Comunidade Autónoma ou Cidade Autónoma.

Deputación Provincial.

Cabido Insular.

Outro.

1.2 Autoridade concedente.

2. Réxime e tipo de axuda.

2.1 Réxime.

Réxime de axudas.

Axuda individual.

2.2 Tipo.

Subvención en efectivo.

Bonificación de xuros.

Garantías.

Outras.

3. Sector destinatario.

3.1 Pesca extractiva.

3.2 Acuicultura.

3.3 Comercialización.

3.4 Transformación.

3.5 Outro.

4. Marco xurídico (rango da norma, título, data e lugar e data de publicación).

4.1 Bases da axuda.

4.2 Convocatoria da axuda.

4.3 Resolución.

4.4 Data da resolución.

4.5 Modificacións da resolución.

4.6 Data das modificacións.

5. Datos identificativos do solicitante.

5.1 NIF/CIF.

5.2 Apelidos, nome/razón social.

6. Identificación do buque ou buques do armador solicitante (unicamente no caso dunha axuda concedida a unha empresa do subsector da pesca extractiva e vinculada á actividade do buque).

- 6.1 Código do buque.
- 6.2 Nome do buque.
- 6.3 Matrícula e folio.

7. Importe da axuda (expresado como subvención en efectivo en termos brutos).

- 7.1 Contía.
- 7.2 Contía modificada.

8. Descrición da axuda (breve descrición da finalidade da axuda. Máximo tres liñas).